

## **COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR**

### **¿CANDO SE PODE PRESENTAR?**

A Lei autonómica do emprendemento permite facer obras sen licenza previa, sendo suficiente con presentar unha comunicación cunha antelación mínima de 15 días. Esta regra xeral ten as seguintes excepcións, nas que segue a ser obrigatorio solicitar e obter unha *licenza de obra*:

1.- Todas as obras “maiores”, que son as que precisan proxecto técnico: estruturais, derrubas, muros de contención, grandes movementos de terra/explanacións, casas prefabricadas e similares.

2.- As obras “menores” ou usos non construtivos en solo rústico, urbanizable ou no parque natural.

3.- Todo tipo de obras en edificios catalogados.

En definitiva, para poder ser obxecto dunha mera *comunicación*, é preciso que a obra cumpra TODOS os seguintes requisitos: menor + en solo urbano/de núcleo rural + fora do parque natural + fora de edificios catalogados.

### **OBRAS DESTINADAS A ACTIVIDADES. LICENZA DE APERTURA**

As *comunicacións de obra menor* preséntanse para un uso e, se non é para vivenda, para unha actividade determinada. Na actualidade, só os seguintes espectáculos e actividades recreativas (Catálogo aprobado pola Xunta de Galicia:

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050617/Anuncio135A2\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2005/20050617/Anuncio135A2_es.html)) seguen precisando de *licenza de actividade*, que deberá obterse antes de presentar a *comunicación de obra menor*:

- a) que teñan un aforo superior a 500 persoas, ou
- b) que contén con locais de risco especial segundo a normativa técnica de aplicación (Sección 1ª, epígrafe 2 do DB-SI do CTE: [http://www.codigotecnico.org/cte/export/sites/default/web/galerias/archivos/documentosCTE/DBSI/DBSI\\_19feb2010\\_comentarios\\_30jun2014.pdf](http://www.codigotecnico.org/cte/export/sites/default/web/galerias/archivos/documentosCTE/DBSI/DBSI_19feb2010_comentarios_30jun2014.pdf))

Unha vez rematadas as obras destinadas a unha actividade, a posta en marcha require presentar previamente unha *comunicación de apertura*.

### **MODIFICACIÓNS POSTERIORES**

As **modificacións** NON substanciais nas obras e actividades deben ser obxecto dunha *comunicación*. O caso máis frecuente e o *cambio de titular*. Pola contra, considéranse substanciais, polo que deberán ser obxecto de comunicación ou licenza segundo proceda, os seguintes cambios: a modificación da clase de actividade, o cambio de emprazamento e, en xeral, calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

## **COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR**

### **INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A COMUNICACIÓN DA OBRA MENOR:**

- a) Obra a realizar: describirla e indicar o uso ao que irá destinada e, se é distinto ao de vivenda, a actividade que se pretende desenvolver (por epígrafe do IAE e, de ser o caso, do Catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas)
- b) Localización: referencia catastral (para canalizacións e acometidas: plano o rúa e número/s)

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR:**

- a) Xustificante do pagamento do ICIO, taxas de obra e (canalizacións e acometidas) fianza
- b) Para obra menor destinada a unha nova actividade ou que modifica sustancialmente as condicións de seguridade, salubridade, acústica, accesibilidade dunha actividade xa autorizada ou comunicada anteriormente:  
*Proxecto técnico de actividade*
- c) Autorizacións/declaracións/informes ambientais/sectoriais que sexan preceptivos:
  - (1) Ambientais: declaración de impacto ambiental, declaración de incidencia ambiental, autorización ambiental integrada
  - (2) Augas
  - (3) Portos
  - (4) Costas
  - (5) Estradas: autorización da administración titular da estrada ou, se é municipal, informe confirmando a aliñación

**[DESCARGAR AQUÍ O FORMULARIO DE COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR](#)**